

JOSÉ SUÁREZ OLLOS VIVOS QUE PENSAN XORNADA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

18 xuño 2026

Auditorio do CGAC

Entrada libre e de balde ata completar a capacidade da sala

DIRECCIÓN: Xurxo Lobato / COORDINACIÓN: Gema Baños

A Real Academia Galega de Belas Artes dedícalle o Día das Artes Galegas 2026 a José Suárez (Allariz, 1902), o fotógrafo galego máis internacional. Cunha traxectoria marcada pola vangarda artística, Suárez estaba dotado dunha sólida formación intelectual e dun pensamento liberal e republicano. Formou parte do exilio provocado polo golpe de Estado do 1936 contra a República e a democracia. Ademais, foi cineasta e editor de tres libros: *50 fotos de Salamanca*, con prólogo de Miguel de Unamuno (1932), *Nieve en la cordillera* (1942) e *The Life & Death of the Fighting Bull* (1967), con texto de John Marks.

Relacionouse con figuras destacadas da cultura como Miguel de Unamuno, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafael Alberti ou Akira Kurosawa, entre outros.

A súa obra fotográfica, influída pola Nova Obxectividade, caracterízase por unha mirada moderna, reflexiva e centrada na figura humana, afastada do folclorismo e próxima ás correntes europeas máis innovadoras. A súa figura, complexa e sensible, consolidouse como unha das máis relevantes da fotografía galega e como un referente artístico de dimensión internacional. O seu traballo sitúase no eido do fotodocumentalismo, pero sempre cunha mirada profundamente humanista. Tal e como el mesmo afirmaba: "No meu traballo sempre está o home ou, polo menos, a súa pegada".

Nesta xornada arredor da obra de José Suárez no CGAC, que conta coa colaboración da Real Academia Galega de Belas Artes, Juan Manuel Bonet falará sobre a obra do artista e as influencias das vangardas, centrándose en tres etapas diferenciadas: o contexto da Segunda República, o exilio e o momento do seu retorno a España en 1959. Pola súa parte, Antón Patiño confrontará a mirada dun pintor coa obra fotográfica de "Pepe" Suárez. A xornada rematará cunha mesa redonda moderada por Xurxo Lobato na que participarán os profesores Miguel Anxo Rodríguez e José Luis Castro de Paz.

PROGRAMA

17:00 h Inauguración a cargo de Manuel Quintana Martelo, presidente da Real Academia Galega de Belas Artes

17:15 h *José Suárez. Fotógrafo galego, salmantino e tricontinental*, conferencia impartida por Juan Manuel Bonet

18:15 h *Ollos que pensan*, conferencia impartida por Antón Patiño



José Suárez: Serie Mariñeiros, 1936

La Real Academia Gallega de Bellas Artes dedica el Día de las Artes Gallegas 2026 a José Suárez (Allariz, 1902), el fotógrafo gallego más internacional. Con una trayectoria marcada por la vanguardia artística, Suárez estaba dotado de una sólida formación intelectual y de un pensamiento liberal y republicano. Formó parte del exilio provocado por el golpe de Estado de 1936 contra la República y la democracia. Además, fue cineasta y editor de tres libros: *50 fotos de Salamanca*, con prólogo de Miguel de Unamuno (1932), *Nieve en la cordillera* (1942) y *The Life & Death of the Fighting Bull* (1967), con texto de John Marks.

Se relacionó con destacadas figuras de la cultura como Miguel de Unamuno, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafael Alberti o Akira Kurosawa, entre otros.

Su obra fotográfica, influida por la Nueva Objetividad, se caracteriza por una mirada moderna, reflexiva y centrada en la figura humana, alejada del folclorismo y próxima a las corrientes europeas más innovadoras. Su figura, compleja y sensible, se ha consolidado como una de las más relevantes de la fotografía gallega y como un referente artístico de dimensión internacional. Su trabajo se sitúa en el ámbito del fotodocumentalismo, pero siempre con una mirada profundamente humanista. Tal y como él mismo afirmaba: "En mi trabajo siempre está el hombre o, al menos, su huella".

En esta jornada sobre la obra de José Suárez en el CGAC, que cuenta con la colaboración de la Real Academia Gallega de Bellas Artes, Juan Manuel Bonet hablará sobre la obra del artista y las influencias de las vanguardias, centrándose en tres etapas diferenciadas: el contexto de la Segunda República, el exilio y el momento de su regreso a España en 1959. Por su parte, Antón Patiño confrontará la mirada de un pintor con la obra fotográfica de "Pepe" Suárez. La jornada concluirá con una mesa redonda moderada por Xurxo Lobato en la que participarán los profesores Miguel Anxo Rodríguez y José Luis Castro de Paz.

PROGRAMA

17:00 h Inauguración a cargo de Manuel Quintana Martelo, presidente de la Real Academia Gallega de Bellas Artes

17:15 h *José Suárez. Fotógrafo gallego, salmantino y tricontinental*, conferencia impartida por Juan Manuel Bonet

18:15 h *Ojos que piensan*, conferencia impartida por Antón Patiño

19:15 h Mesa redonda coa participación de Miguel Anxo Rodríguez (*A máquina, o traballo, o territorio*) e José Luis Castro de Paz (*Esperanzas e frustracións. O cinema de José Suárez*). Modera: Xurxo Lobato

JUAN MANUEL BONET (París, 1953) é un escritor, crítico de arte e comisario de exposicións español. Ao longo da súa traxectoria ocupou cargos de gran relevancia institucional, como a dirección do IVAM, do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e do Instituto Cervantes. Na actualidade, preside a Fundación Archivo Rafael Cansinos Assens, o Comité Internacional da Fundación Vicente Huidobro e forma parte do padroado do Museo ABC. O seu labor crítico e curatorial centrouse en diversos movementos e contextos culturais, entre eles o surrealismo, o construtivismo polaco, a vangarda arxentina, o exilio republicano e a xeración artística dos anos oitenta.

ANTÓN PATIÑO (Monforte de Lemos, 1957) é artista e membro fundador de Atlántica. Desde os anos oitenta vén desenvolvendo unha importante actividade expositiva en galerías e museos dentro e fóra de España. Ten obra en diferentes museos e fundacións, entre eles o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o CGAC, o MEIAC, o MACBA, a Fundación "la Caixa" e Artium. Desenvolve así mesmo unha importante actividade teórica ao través de escritos e conferencias, con numerosos textos relacionados coa experiencia da arte.

MIGUEL ANXO RODRÍGUEZ (Vigo, 1970) é profesor de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, onde está especializado en arte contemporánea e teoría da arte. Ao longo da súa traxectoria investigadora desenvolveu estudos sobre escultura contemporánea, as relacións entre arte e ideoloxía, así como sobre políticas culturais. Na actualidade, coordina o proxecto de investigación *PERMORIA. Performatividad del monumento*, no marco do Plan nacional de investigación.

JOSÉ LUIS CASTRO DE PAZ (A Coruña, 1964) é catedrático de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela, onde está especializado en historia e teoría do cinema español e galego. Ao longo da súa traxectoria investigadora desenvolveu estudos sobre o cinema clásico español, as relacións entre cinema e televisión, así como sobre a historiografía cinematográfica e o audiovisual galego. Na actualidade, dirixe o Centro de Estudos Fílmicos da USC (CEFILMUS), desde o que impulsa proxectos de investigación arredor da historia do cinema e a cultura audiovisual contemporánea.

19:15 h Mesa redonda con la participación de Miguel Anxo Rodríguez (*La máquina, el trabajo, el territorio*) y José Luis Castro de Paz (*Esperanzas y frustraciones. El cine de José Suárez*). Modera: Xurxo Lobato

JUAN MANUEL BONET (París, 1953) es un escritor, crítico de arte y comisario de exposiciones español. A lo largo de su trayectoria ha ocupado cargos de gran relevancia institucional, como la dirección del IVAM, el Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía y el Instituto Cervantes. En la actualidad, preside la Fundación Archivo Rafael Cansinos Assens, el Comité Internacional de la Fundación Vicente Huidobro y forma parte del patronato del Museo ABC. Su labor crítica y curatorial se ha centrado en diversos movimientos y contextos culturales, entre ellos el surrealismo, el constructivismo polaco, la vanguardia argentina, el exilio republicano y la generación artística de los años ochenta.

ANTÓN PATIÑO (Monforte de Lemos, 1957). es artista y miembro fundador de Atlántica. Desde los años ochenta viene desarrollando una importante actividad expositiva en galerías y museos dentro y fuera de España. Tiene obra en diferentes museos y fundaciones, entre ellos el Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, el CGAC, el MEIAC, el MACBA, la Fundación "la Caixa" y Artium. Desarrolla asimismo una importante actividad teórica a través de escritos y conferencias, con numerosos textos relacionados con la experiencia del arte.

MIGUEL ANXO RODRÍGUEZ (Vigo, 1970) es profesor de Historia del Arte en la Universidad de Santiago de Compostela, donde está especializado en arte contemporáneo y teoría del arte. A lo largo de su trayectoria investigadora ha desarrollado estudios sobre escultura contemporánea, las relaciones entre arte e ideología, así como sobre políticas culturales. En la actualidad, coordina el proyecto de investigación *PERMORIA. Performatividad del monumento*, en el marco del Plan Nacional de Investigación.

JOSÉ LUIS CASTRO DE PAZ (A Coruña, 1964) es catedrático de Comunicación Audiovisual en la Universidad de Santiago de Compostela, donde está especializado en historia y teoría del cine español y gallego. A lo largo de su trayectoria investigadora ha desarrollado estudios sobre el cine clásico español, las relaciones entre cine y televisión, así como sobre la historiografía cinematográfica y el audiovisual gallego. En la actualidad, dirige el Centro de Estudios Fílmicos de la USC (CEFILMUS), desde el que impulsa proyectos de investigación en torno a la historia del cine y la cultura audiovisual contemporánea.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31

cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal